

ZINZINDURRUNKARRATZ

1492

Oskar Alegria, 2024

ESTREA EN NUMAX: 07.04.2025 | V.O. | TP | 89 min

Un camiño esquecido, unha cámara vella e un burro chamado Paolo. Estes tres elementos conforman 'Zinzindurrunkarratz', percorrido poético por unha memoria doutro tempo do que só quedan anacos. Oskar Alegria volve aos carreiros polos que camiñaron os seus avós, nas montañas de Artazu, en Navarra, para rexistrar os ecos dun mundo que xa non existe. A partir de imaxes mudas e sons cegos, o filme, construído a modo de diario e cuxo título fai referencia á pronunciación onomatopeica en euskera dunha brisa lixeira (zinzin), unha pedra que cae (durrundurrin) e un cumio golpeado por un raio (kurruzkarratz), tende pontes coa filmografía de Jonas Mekas e revela unha personalidade única capaz de lembrar ao espectador que aínda queda moito por descubrir no cine.

«Un filme único, orixinalísimo,
gozoso e encantador sobre o dó e a
fraxilidade da memoria»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con Oskar Alegria: «Teríamos que pensar en zigzag, como os burros»

Por Paula Etxeberria Cayuela

Que importante é camiñar sendo conscientes de cada paso e cultivando a observación, nun tempo acelerado en que parece que só importa chegar canto antes. Chegar xa. Dá moita envexa o concepto vital que creou en *Zinzindurrunkarratz*. Teríamos que pensar en zigzag, como os burros. Ante unha pendente trazan un camiño milimetricamente perfecto sen perder en ningún momento altura. Sen présas chegan paso a paso ata o cume aforrando a fatiga. Nós facemos o contrario. Ante un problema imos dereitos. Cada vez confiamos menos no tempo.

Recuperou unha maneira de camiñar esquecida, e con ela unha maneira de filmar tamén o pasado, cunha vella super-8, sen posibilidade de gravar son. Unha carencia que converteu en potencial narrativo. Outra disciplina que imos perdendo é o silencio. E toda a súa elocuencia. Hai unha invitación para contemplar o silencio durante todo o camiño neste filme. Un silencio que vén obrigado porque esa cámara xa non ten posibilidade de rexistrar o son. Pero todos os accidentes son benvidos. Cando un sentido ten menos intensidade os outros desenvólvense máis. Por iso esta película, que está cosida con imaxes mudas e sons cegos, diríxese a algo máis difícil aínda, que é achegarse a un cinema feito para o tacto.

O título alude aos pastores de Andia e Urbasa, que nomeaban os lugares cos sons. Creo que a néboa ten moito que ver con iso. Cando desaparece a paisaxe estás obrigado a mirar cos oídos. En Andia hai unha néboa excelsa que debería ser declarada patrimonio inmaterial. Tamén en Idopil, preto de Orbaitzeta. Son néboas da cor do carbón. Esta película está feita diso, de cinza e néboa. E aquí de novo chegamos aos burros. Os pastores cando se pechaba a néboa agarrábanse á cola do seu burro e este conducíaos sen problema á cabana. Andia está cheo de topónimos sonoros. Para min o máis grande é que os pastores son os primeiros poetas ao bautizar os lugares. Non se trata de nomear a terra senón de algo máis belo e difícil como é facer unha cartografía do aire.

O seu avó Patxi camiñaba 7 horas cun cabalo para levar aos pastores das montañas víveres e noticias. E aventurouse a buscar ese roteiro, aínda que foi imposible facer o mesmo. É unha evidencia da imposibilidade de recuperar unha forma de vida que desaparece? O maior problema non era recuperar o roteiro. O meu avó ademais nunca facía o mesmo. Trátase de recuperar unha forma de camiñar. Ser devotos da lentitude, a curiosidade, practicar o encontro... a pausa e a contemplación da paisaxe. De todas estas prácticas atoparíamos hoxe o seu contrario moito máis estendido no noso día a día. Tristemente.

Dixo nalgunha ocasión que só ve o futuro no pasado. Pero que complicado é rescatar o valioso do pasado no día a día. O sistema pono difícil pois colonizou o noso tempo... Hai un tempo verbal que é o meu favorito que é o presente lembrado. Non é a nostalxia a un tempo pasado, senón un tempo resistencia aos cambios que mencionas e un tempo milagroso que permite sobre todo co cinema unha máxima nada irreal: filmar é vivir dúas veces.